

ASEMBLEA PROXECTO CARCERE SETEMBRO 2012

28 09 2012. GOMES GAIOSO.

Asistentes 13 persoas: Susi4, Cris, Ángel, Javi, Patxi, Tono, Carme, Sandra, Mariola, Manolo, Héctor, Lydia e Tomi. (se me esquezo de alguén, pido disculpas. A memoria...).

Convocatoria para as 20:30. Agardamos para comezar as 21 horas.

Modera: Carme Cotelo

Toma acta: Tomi

1. Re-estructuración das tarefas e obxectivos da Plataforma

Interven Tomi:

Baseándose en aprendizaxes do seminario en Berlín propón centrar o proxecto neste momento en 3 patas ou frentes de acción:

A) Acción social. Xa se falara moitas veces da necesidade de que Proxecto Cárcere sexa coñecido polos colectivos e asociacións da cidade para ter máis forza. Tamén que nos vexan como algo positivo para a cidade e que se conseguimos entrar no cárcere haberá boas oportunidades para os proxectos que queiran facer cousas.

B) Investigación de proxectos similares ao que plantexemos que estean a funcionar xa en España. En especial si son en lugares gobernados polo PP. A idea é decirlle aos do Concello da Coruña: "isto non é novo. Existe, fala cos teus compañeiros de "Guadalajara" (por exemplo) e que che digan como vai. É unha labor importante para convencer aos de aquí que o que propoñemos non é descabellado".

c) Traballo de búsqueda de persoas dentro da estrutura do concello, ou próximas a elas que saibamos que ven con bos ollos o noso proxecto. Trátase de investigar por persoas que coñezamos quen é "susceptible" de ser valedora ou valedor do noso proxecto dentro do organigrama do concello.

Comenta Tomi que unha das cousas que aprendeu en Berlín é que se falas sempre coa mesma persoa e ves que non vai facer nada, provoca desmotivación no colectivo e frustración. Outros proxectos que están a funcionar en Europa "perderon" o tempo buscando a este tipo de persoas que ao final resultaron clave para que fosen adiante.

Interven:

-Carme. Propón non esquecer a parte económica do proxecto. Debemos buscar financiación con proxectos ou subvencións que encaixen nos nosos obxectivos. Cre que debe manterse un grupo de traballo específico para este tema.

Tamén comenta que hai moitos colectivos que teñen dificultades para seguir pagando alugueres e que o cárcere podería ser un sitio estupendo para moitos. Teñamos iso en conta.

Mariola afirma que lle parece ben a proposta organizativa de Tomi pero que non se esqueza o grupo de comunicación. E que precisa novas persoas para funcionar, que levaron moito traballo.

-Tono comenta que pode falar co presidente do COAG (valedor do Proxecto Cárcere,

como demostrou na Xornada Mundial da Arquitectura) para tentar falar co Concelleiro de Infraestructuras, Martín Fernández dun xeito informal, mellor nun café e falarlle do noso proxecto.

Tamén comenta que coa Acta de xuño enviou documentación sobre o Matadero de Madrid. No seu caso unha funcionaria foi a que facilitou tódolos trámites para que entrasen alí. Cita que hai unha lei de 2003 de “Autorización” para o uso de espazos. O convenio de Matadero co Ministerio de Cultura basease nesa lei. [o grupo de investigación de proxectos similares, debe ter isto moi en conta].

-Manolo da Comisión pola Recuperación da Memoria Historica comenta que a través do seu Blog que visita bastante xente poden tentar visibilizar o traballo de Proxecto Cárcere. Ademáis, se lle comenta que a través doutros grupos similares ao seu podemos atopar experiencias similares en España doutras cárceres que se estén a utilizar para usos culturais e sociais.

- Héctor Tejón se presente a comenta que asiste a súa primeira Asemblea de Proxecto Cárcere. Ven de ANOVA. Comenta a dificultade de acceder a espazos municipais por parte de colectivos “non formais”. Parece que son espazos privados, en vez de públicos. Dende a súa agrupación política están moi en desacordo diso. Comenta que ofrecese para axudar no posible. Sobre todo despois do 21 de outubro.

CONCLUSIÓNS DESTE PUNTO

Apróbase a nova estrutura de traballo.

1. Grupo de Sensibilización social e comunicación. (Carme, Laura, Patxi, Lydia, Pepe e Javi)

Se encargará da comunicación interna e externa, facendo especial fincapé no traballo de contactar con outros colectivos e asociacións.

Tomi propón ter un documento base de “adhesión” ou de apoio ao Proxecto cárcere cando se reúnan co Proxecto Carcere de cara a optimizar eses contactos e que nos sirvan como reforzo do proxecto, ademáis de que no documento se lles ofrezca colaboración e a posibilidade de que fagan cousas alí se conseguimos acceder ao edificio.

Laura queda encargada de xestionar a lista de correo. Coordinarase con Mariola para poñerse ao día.

Carme comenta que temos pendente algo que está aprobado nunha asemblea previa que é presentarlle o proxecto ao resto de forzas políticas do concello.

Héctor comenta a importancia de ter un Twitter de PC como via de comunicación rápida con moitos seguidores e tamén para saber o que están a facer noutros proxectos facer seguimento, estar en contacto directo con unha persoa (normalmente sempre escriben unha ou dúas persoas) de referencia no outro proxecto.

2. Grupo de economía. (Mariola e Angel)

Traballará no estudio de proxectos e subvencións que nos podan dar ingresos. Por agora non se falou de coutas. Pero este grupo pode propoñer o que considere.

3. Grupo de Investigación sobre proxectos similares que estean a funcionar. (Mariola, Susi4, Javi, Cris, Angel)

Nota de Tomi: Seguro que xa hai moito buscado en documentación que teñamos gardado. O esforzo é buscar os que estean en localidades gobernadas polo PP.

4. Grupo de Busqueda de persoas sensibles co proxecto dentro do Concello (ou do Ministerio do Interior). (Tono, Tomi e Pepe)

Co proxecto que temos e a información que consiga doutros proxectos que funcionen o grupo de investigación, tentaría falar de xeito informal con varias persoas que consideren que poden provocar cambios na forma de valorar a Proxecto Cárcere dentro das altas esferas do Concello. Están: Tono, Tomi e Pepe (non presente, pero falouse del).

O “Grupo coordinador” queda sen aclarar se debe seguir funcionando (por tanto, nin se descarta que siga nin que se renove... Haberá que tratalo na vindeira asemblea).

NOTA DO REDACTOR DA ACTA: Non concretamos como incorporarse a cada grupo de traballo para a xente que non veu. E agora tamén a xente que estivo debe apuntarse de novo polo problema informático coa acta.

Tamén deberíamos saber se cambiamos de correos de cada grupo de traballo ou aproveitamos dalgún xeito os gmails que están creados...

ALGUEN DEBERÍA TOMAR AS RIENDAS E COORDINAR ESTE TEMA.

2 PROGRAMA EN CUAC FM

Se recorda que por un premio de 2011, o Proxecto Cárcere ten dereito a 3 meses de emisión en CUAC FM. Tentárase poñer en marcha o programa en novembro.

CUAC ten estas horas libres agora mesmo: <http://cuacfm.org/unete/> Xa non están libres a do luns as 18 e o xoves as 20. Quedou libre os venres as 19 horas.

E xa se pode reservar a hora de cara a novembro.

Apuntanse : Tono, Carme, Sandra, Susi4 e Héctor.

A formación será cara a finais de mes e se comezaría a primeira semán de novembro.

Os implicados deben falar entre si para escoller hora.

3 REDE TRANSIBERICA

Comentamos que houbo unha serie de correos últimamente no que comentaban todos ou que estiveron moi ocupados ou medio parados polo verán.

Coméntase a posibilidade de acoller un encontro en Coruña entre maio e xuño de 2013.

Afirman que serían entre 18/20 persoas. Consideramos que se pode asumir esa misión e que sería bo para PC polo que se aproba por consenso dicirlle que si, que conten con facer ese encontro en Coruña.

Cando se confirme, haberá que ter unha comisión de seguimento e tarefas a concretar. Por

agora non se fala do tema.

Se designa unha persoa que fará o seguimento dos correos. (Laura e Mariola)

4. Avaliación Seminario "**Estratexias Creativas de Sustentabilidade**" en Berlín (Tomi)

Tomi fala que foi moi positivo e instructivo o seminario.

Convoca as persoas que o desexen a unha charla que vai dar na Asociación Cultural Alexandre Bóveda (rúa dos Olmos) o martes 16 de outubro as 20:15 horas para falar do aprendido alí, con fotos e comentarios detallados do aprendido. Convocatoria aberta a quen desexe asistir.

Se enrolla moito como é habitual e comenta:

- A **UFA Fabrik** é unha pasada. Estiveron 3 anos traballando antes de ocupar o espazo da UFA Films. Eran un colectivo en formación e sen espazo.

- Os proxectos culturais e sociais "independentes" pero en espazos privados ou públicos dependen moito da apertura de mente dos políticos de turno e tamén claro da creatividade e implantación social dos proxectos.

- Fala dos **Future Workshops**. Son escapadas de dous ou tres días a un lugar sen distraccións cunha serie de técnicas e unha ou dúas persoas externas ao colectivo para moderar, dinamizar e optimizar os logros. Como detalle breve, durante unha primeira rolda de intervencións que deben vir meditadas previamente por todolos asistentes non se debe intervir apenas por parte dos demais e está prohibida totalmente a palabra "PERO". Isto todo o explicará con máis calma o día 16. Afirmar os expertos que este tipo de Future Workshops se están ben plantexados e traballados soen supor puntos de inflexión nas organizacións (case sempre positivos).

O feito de durmir todos xuntos posibilita varias cousas. A sensación de non ter horarios para marchar a casa. A xente non ten presa por acabar. Ademáis de que polas noites normalmente hoi boa creatividade e os vínculos de confianza (moi importante en todo colectivo humano) se afianzan. (Pode haber excepcións,claro).

- Comenta proxectos diversos que viron nun paseo en bicicleta. Moi longo de explicar.

- Manolo de CRMH solicita puntualidade nas vindeiras convocatorias. Estivo 30 minutos agardando a que comezase ésta ao igual que Tono.

Habería que fixar un criterio, comenta Tono de 1ª convocatoria e se non hai quorum suficiente, aos 15 minutos, segunda convocatoria e se arranca.

- Se grava un vídeo de apoio a CUAC FM.